

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 23 DE MAIO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Ampliación de estrutura e beirarrúa no p.q. 0 + 160 da PO-250. Redondela.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico a Feira do Requeixo e do Mel nas Neves; a Mostra do Aceite de Quiroga, en Quiroga, e a Festa do Peixe en Bande.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias e a Autoridade Portuaria da Coruña, sobre comunicación bilateral, información recíproca e elaboración de protocolos de actuación conxunta en materia de emerxencias.
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede a súa convocatoria para o ano 2013.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para eximir da obriga de constituír garantías, correspondentes á Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, en réxime de concorrència competitiva, para o fomento do sector mineiro galego, e

se procede á súa convocatoria para o ano 2013, por importe de trescentos mil euros (300.000,00€).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e entidade Esclavas de la Virgen Dolorosa de Crecente, para contribuír ao apoio do servizo que presta na atención a persoas con discapacidade intelectual, cun importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a evolución do absentismo no primeiro ano de aplicación da Lei de medidas no Emprego Público

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre as bases que rexerán na convocatoria para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, relativa a proxectos de aforro e eficiencia enerxética na industria e servizos.
- Informe sobre o anteproxecto de Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a calidade da auga de consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informe Biospain 2014.

A XUNTA INICIA O PROCESO EXPROPIATORIO DOS BENS AFECTADOS POLA AMPLIACIÓN DA PONTE SOBRE O RÍO ALVEDOSA, NO CONCELLO DE REDONDELA

- *O obxectivo do proxecto é mellorar a seguridade viaria co fin de evitar a interferencia entre vehículos e peóns*
- *O proxecto consiste en dotar a calzada de dous carrís e unha beirarrúa nunha das marxes da ponte*
- *O orzamento total que destinará a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas nesta actuación é de 188.762,10 euros*



O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de ampliación de estrutura e construción de beirarrúas na estrada PO-250 (Redondela-Forzans), ao seu paso polo núcleo urbano de Redondela.

O traballo proxectado ten por obxecto a mellora da seguridade viaria no treito pq 0+160 da estrada autonómica, na ponte sobre o río Alvedosa, co fin de evitar a interferencia entre vehículos e peóns. Esta circunstancia fai necesario proceder de forma inmediata á execución do proxecto e, en conformidade co artigo 16 da Lei 4/1994, de estradas de Galicia, a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios.

Ampliación da estrutura e beirarrúa

O proxecto de construción da ampliación da ponte foi aprobado en outubro de 2012 pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), e prevé a ampliación da estrutura existente no treito PK 0+160 da estrada autonómica sobre o río Alvedosa, de forma que se poida dotar a calzada de dous carrís para a circulación de vehículos e unha beirarrúa nunha das marxes, que permita aos peóns circular pola zona e cruzar o río con garantías de seguridade. Grazas ao desenvolvemento destes traballos veranse beneficiados os 30.015 habitantes do concello de Redondela.

O orzamento total que destinará a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas nesta actuación é de 188.762,10 euros, que finalizará no primeiro semestre do 2014. O proceso expropiatorio afectará a un total de 5 predios cun custo de 33.429,90 euros.



SECCIÓN TIPO EN ESTRUCTURA
Escala 1:50



O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A MOSTRA DO ACEITE DE QUIROGA

- *A festa de exaltación gastronómica cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia*
- *Con esta declaración, Galicia conta xa con 83 festas de Interese Turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Mostra do Aceite de Quiroga.

A Mostra do Aceite de Quiroga celébrase tradicionalmente o último domingo de febreiro ou o primeiro de marzo, é unha manifestación popular de gran valor cultural baseada nunha das tradicións máis arraigadas da comarca de Quiroga, e que adquire indubidable valor como atractivo turístico pola súa singularidade, pois este concello é o único punto do noroeste peninsular cunha prolongación ata Salamanca onde a oliveira é un cultivo autóctono. Neste ano 2013 tivo lugar a XIII edición da festa na que diferentes colleiteiros poñen á venda aceite elaborado en Quiroga e produtos de elaboración artesanal. Tamén se pode presenciar o proceso íntegro de elaboración artesanal do aceite, seguindo a maneira tradicional. Durante toda a xornada realízanse dúas moendas no muíño de Bendilló para satisfacer a curiosidade sobre o produto e a súa elaboración artesanal.

Durante todo o día sucédense ademais as actuacións de música tradicional a cargo de grupos de Quiroga e existe a posibilidade de xantar no lugar das Farrapas.

A Mostra do Aceite de Quiroga aglutina unha demostración e mais unha degustación de grande interese etnográfico, única en Galicia e que se desenvolve nunha paraxe de alto valor paisaxístico e patrimonial.

A tradición de elaborar artesanalmente aceite no val de Quiroga forma parte mesmo do refraneiro popular e a celebración da mostra aglutina en cada edición un maior número de persoas, así como de colleiteiros que participan.

O Consello da Xunta aprobou hoxe tamén a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa do Peixe de Bande e mais para a Festa do Requeixo e o Mel das Neves. Con estas tres festas, Galicia conta xa con 83 festas de interese turístico de Galicia, as que hai que engadir as 13 festas coa declaración de interese turístico nacional e as 6 co distintivo de festa de interese turístico internacional.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTAS DO PEIXE DE BANDE

- *A festa de exaltación gastronómica cumpren os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia*
- *Con estas declaracións, Galicia conta xa con 83 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Festa do Peixe de Bande, en Ourense.

A Festa do Peixe de Bande celebra esta vindeira fin de semana, do 24 ao 26 de maio, a súa edición número 42. Este festexo exalta o produto gastronómico da zona e inclúe un campionato de pesca fluvial. Ademais, a festa inclúe outras actividades paralelas como un mercado de artesanía, unha ruta cabalar ou actuacións musicais. O obxectivo desta celebración é promover a riqueza gastronómica da zona, así como dar a coñecer as súas potencialidades turísticas. Trátase dunha das exaltacións culinarias máis antigas da provincia de Ourense.

Entre as peculiaridades desta festa está que o seu nacemento xa foi un acontecemento singular porque se celebraba por primeira vez en Galicia un campionato nacional de pesca fluvial-ciprínidos. Ademais só se admite a captura das especies boga e escaló, feito que non acontece en ningunha outra festa gastronómica, sendo a única festa de Ourense que aproveita a riqueza piscícola dun río para celebrar unha festa. Así mesmo, o xerme do nacemento desta festa foi un evento deportivo, o campionato de pesca.

A Festa do Peixe de Bande xunta aspectos gastronómicos, culturais, deportivos e ambientais. Entre as actividades que se incluíron nas diversas edicións da festa figuran concursos fotográficos para afeccionados e profesionais; concursos para nenos; obradoiros gastronómicos; degustación de empanadas e pan artesán, exhibicións deportivas.

Con estas declaracións, o Consello aprobou tamén a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para a Mostra do Aceite de Quiroga e mais a Feira do Requeixo e do Mel das Neves. Con estas tres festas, Galicia conta xa con 83 festas de interese turístico de Galicia, as que hai que engadir as 13 festas coa declaración de interese turístico nacional e as 6 co distintivo de festa de interese turístico internacional.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DO REQUEIXO E O MEL DAS NEVES

- *A festa de exaltación gastronómica cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia*
- *Con esta declaración, Galicia conta xa con 83 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia a Festa do Requeixo e o Mel das Neves.

A Festa do Requeixo e do Mel das Neves coincide anualmente coa celebración da Semana Santa. Os postos que se instalan con motivo da celebración ofrecen requeixo, que se degusta acompañado de mel. Nos días previos celébranse tamén actividades, cursos e impártense conferencias e seminarios orientados á mellora do coñecemento sobre estes dous produtos representativos da zona. Este ano 2013, a festa cumpriu a súa edición número 22. A mostra amosa aos visitantes a produción desta sobremesa nunha xornada de degustación.

Os primeiros testemuños escritos no século XII referentes ao camiño de peregrinaxe entre Portugal e A Franqueira, denominado Camiño da Raíña, hoxe chamado Sendeiro dos Frades xa facían referencia ao requeixo das Neves, con que os veciños da zona agasallaban aos peregrinos cando estes paraban no camiño. Co tempo o produto foise comercializando, primeiro como moeda de cambio e despois a cambio dunha retribución económica. Antigamente, o requeixo vendíase en anacos de 85 gramos e envoltos en follas de col, despois en panos de liño ou papel de prata.

A festa pretende recuperar esta tradición de gran arraigo e tamén dinamizar economicamente a zona. Entre as actividades que incluíu ao longo das súas máis de vinte edicións destacan as xornadas gastronómicas para a degustación do requeixo acompañado polo mel; as xornadas culturais con seminarios de cociña, mesas redondas ou exposicións de pintura; así como os actos folclóricos con concertos de bandas musicais, festas da bicicleta ou actividades para nenos.

O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe a declaración de Festa de Interese Turístico para a Mostra do Aceite de Quiroga e mais para a Festa do Peixe de Bande. Con estas tres festas, Galicia conta xa con 83 festas de interese turístico de Galicia, as que hai que engadir as 13 festas coa declaración de interese turístico nacional e as 6 co distintivo de festa de interese turístico internacional.

A XUNTA E A AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA COLABORARÁN EN MATERIA DE EMERXENCIAS

- ***O Consello aprobou un acordo entre o 112 e Autoridade Portuaria para axilizar o intercambio de información entre ambos os dous entes e actuar de xeito máis eficiente ante posibles incidencias que ocorran nas instalacións da Autoridade Portuaria***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo de colaboración entre a Axencia Galega de Emerxencias e a Autoridade Portuaria da Coruña en materia de emerxencias, que establece os procedementos de comunicación entre ambos os dous organismos no relativo ás posibles incidencias que poidan producirse nas instalacións e infraestruturas da Autoridade Portuaria.

A finalidade do acordo é establecer os procedementos de comunicación bilateral entre o 112 Galicia e a Autoridade Portuaria da Coruña, de maneira que ambos estean informados con relación aos accidentes ou incidentes que poidan producirse nas instalacións e infraestruturas competencia da Autoridade Portuaria e que exixan a intervención de medios externos de atención sanitaria, seguridade cidadá, protección civil, ou extinción de incendios e salvamento.

Así, a Autoridade Portuaria porá en coñecemento do 112 Galicia, de acordo cos procedementos de actuación que se elaboren polos medios de comunicación acordados e coa máxima prioridade posible, os accidentes e incidentes que se produzan e afecten as súas instalacións, e así mesmo ambos intercambiarán a información cartográfica da que dispoñen, sempre e cando sexa necesaria para o cumprimento do presente acordo, así como os datos da relación de medios e recursos dispoñibles para atender as emerxencias.

O CAE112 Galicia informará a Autoridade Portuaria de todos os accidentes e incidentes dos que teña coñecemento e que se produzan nas súas instalacións, así como dos requirimentos de asistencia que cursen ás administracións públicas que en cada caso resulten competentes, para a prestación material da asistencia requirida. Enviará tamén as alertas que se declaren no territorio de Galicia, cos informes de predición meteorolóxica oficiais elaborados pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (Aemet) e os informes que con carácter complementario elabore Meteogalicia para efectos de consulta.

No suposto de emerxencias que pola súa especial extensión ou intensidade sexan particularmente graves, a Autoridade Portuaria da Coruña porá os medios humanos e materiais necesarios, que seguirán baixo a súa propia dirección, para solucionar as incidencias que se produzan dentro do seu campo de actuación, nos termos e condicións definidas nos seus plans de autoprotección e nos protocolos que se

subscriban por ambas as partes, comunicando ao CAE 112 Galicia as devanditas actuacións. A Autoridade Portuaria poderá formar parte do operativo que se constitúa para facer fronte a este tipo de emerxencias.

As comunicacións entre o 112 Galicia e Autoridade Portuaria deberán poder realizarse as 24 horas, os 365 días ao ano e serán efectuadas polos interlocutores designados para tal efecto por ambas as dúas partes.

A XUNTA ACHEGA MEDIO MILLÓN DE EUROS ÁS ONGD QUE REALICEN PROXECTOS DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

- ***O Consello aprobou unha orde da Vicepresidencia pola que se establecen as bases reguladoras destas axudas que financiarán actividades de sensibilización, formación, investigación e mobilización social no ámbito da cooperación para o desenvolvemento***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe unha orde da Vicepresidencia pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD). A convocatoria terá carácter plurianual (2013-2014) e financiarase cun importe total de 500.000 euros.

Ao abeiro desta orde poderanse financiar actividades desenvolvidas a través de catro dimensións: sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza; formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento; investigación sobre o desenvolvemento; e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

O texto establece que se financiará un único proxecto individual a cada entidade e dous sempre que un deles sexa en agrupación. Ademais, poderase financiar un terceiro proxecto en agrupación, no caso de que se trate dun proxecto de investigación para o desenvolvemento que inclúa a un departamento das universidades galegas. Para o caso de proxectos individuais, a subvención máxima será de 30.000 euros, mentres que para proxectos presentados en agrupación de varias entidades a subvención pode elevarse aos 40.000 euros.

A convocatoria enmárcase no II Plan director da cooperación galega 2010-2013, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galicia o 16 de xuño de 2010, e do plan anual aprobado para o 2013, que recollen como obxectivo xeral a realización dunha política activa e integral de educación para o desenvolvemento, por tratarse dunha dimensión de actuación imprescindible en todo esforzo de cooperación realizada dende as sociedades dos países do Norte.

A educación para o desenvolvemento é un valor engadido da cooperación descentralizada que cómpre potenciar dende a cooperación galega, tendo en conta, ademais, que a meirande parte das ONGD galegas traballan neste eido como unha das súas liñas estratéxicas.

As solicitudes para estas axudas poderán presentarse na Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (rúa Feáns, 5, baixo, 15705 Santiago de Compostela) no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao de publicación da resolución no DOG. A valoración das solicitudes estará ao cargo dunha comisión avaliadora formada polo director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, en calidade de presidente, e tres funcionarios deste departamento, que actuarán como secretario e vogais.

Para obter máis información sobre esta convocatoria de axudas pódese consultar a páxina web da cooperación galega, www.cooperaciongalega.org, así como formular os problemas, dúbidas ou aclaracións pertinentes na propia Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE ou a través do enderezo electrónico cooperacion.exterior@xunta.es

A XUNTA APOIA A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DA MINARÍA NO IMPULSO DA SUSTENTABILIDADE, A SEGURIDADE E A INNOVACIÓN NO SECTOR

- *O Consello da Xunta aprobou a convocatoria de axudas por 300.000 euros cos que se apoia a posta en marcha de proxectos centrados na planificación, a mellora tecnolóxica, a protección ambiental e a seguridade laboral*
- *A intensidade das axudas incrementase ata o 90% para as iniciativas que se desenvolverán nas zonas que contan con plans Impulsa, que tamén recibirán maior valoración*
- *As entidades que resulten beneficiadas poderán acceder a pagamentos anticipados de ata o 25% da axuda, facilitando así o financiamento*
- *A convocatoria enmárcase no traballo da Xunta a prol dunha minaría dinamizadora da economía, segura, sustentable ambientalmente, innovadora e xeradora de emprego*

O Consello da Xunta aprobou a nova convocatoria de axudas con que se apoian as entidades sen ánimo de lucro que traballan a prol do sector mineiro galego no desenvolvemento de proxectos centrados no fomento, a planificación, a mellora tecnolóxica, a protección ambiental e a seguridade e saúde no traballo neste sector, dotada con 300.000 euros.

A través deste programa apoiarase un 80% do total do investimento das iniciativas que se aproben. Esta intensidade das axudas incrementase ata o 90% para os proxectos que se desenvolvan ou implanten nas provincias de Lugo e Ourense ou nos concellos de Ferrolterra e da Costa da Morte, que ao abeiro dos respectivos plans Impulsa tamén recibirán unha maior valoración, contribuindo así á dinamización económica e ao reequilibrio territorial.

Ademais, as entidades que resulten beneficiadas a través deste programa de axudas poderán acceder a pagamentos anticipados de ata o 25% do apoio concedido en cada actuación, facilitando así o seu financiamento.

Esta convocatoria, á cal se poden presentar entidades como asociacións ou centros tecnolóxicos do sector, entre outros, enmárcase na estratexia que está a desenvolver a Consellería de Economía e Industria no impulso dunha minaría dinamizadora da economía, segura nos contornos en que se desenvolva, sustentable ambientalmente, innovadora e xeradora de postos de traballo de calidade.

A Xunta está a desenvolver diferentes iniciativas para poñer en valor de xeito sostible os importantes recursos naturais con que conta Galicia, que fan que sexa xa a día de hoxe unha potencia mineira a nivel estatal, que dá traballo a máis de 7.000 persoas e supón máis do 1,2% do PIB da comunidade.

Así, entre outras actuacións, o Goberno galego impulsa a mellora competitiva e a innovación no sector, incentivando e facilitando a investigación, colaborando cos clusters empresariais e impulsando os centros tecnolóxicos da lousa e do granito, que realizan un importante labor de I + D + i e en materia de prevención de riscos laborais.

BENESTAR APOIA O MANTEMENTO DO CENTRO DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE INTELECTUAL DE CRECENTE

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre este departamento autonómico e a entidade "Esclavas da Virxe Dolorosa"*
- *Con esta actuación, permítese a atención de 60 persoas dependentes a través de servizos especializados*
- *O Goberno galego inviste en 2013 máis de 66 millóns de euros en atención social á discapacidade*

A Consellería de Traballo e Benestar apoia o mantemento do centro de atención á discapacidade intelectual de Crecente, a través dun convenio entre o departamento autonómico e a entidade "Esclavas da Virxe Dolorosa" polo que a Xunta destinará 250.000 euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe este acordo, que dá continuidade á colaboración que se leva mantendo con este centro desde hai moitos anos. Con esta actuación permítese a atención de 60 persoas dependentes a través de servizos especializados.

Este investimento inscríbese na aposta da Xunta de Galicia pola atención á discapacidade. En concreto, en 2013 o Goberno galego investirá máis de 66 millóns de euros na atención social a este colectivo. Con esta cifra mantéñense concertos, prazas públicas, transporte e apóianse as distintas entidades.

Actualmente, hai en Galicia arredor de 4.900 prazas de atención á discapacidade, das que 580 foron creadas desde 2009, o que supuxo un aumento do 13,5 por cento con respecto á oferta que había nese momento. Deste total, unhas 1.500 están situadas na provincia de Pontevedra.

Entre outras medidas que está levando a cabo o Goberno galego de cara a mellorar a calidade de vida deste colectivo, cabe destacar tamén a elaboración do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, e o traballo na mellora da normativa, grazas ao cal se levará ao Parlamento unha modificación da Lei de accesibilidade.

A XUNTA REDUCIU UN 38% AS BAIXAS LABORAIS INICIADAS NO PRIMEIRO ANO DE APLICACIÓN DA LEI DE MEDIDAS NO EMPREGO PÚBLICO E AFORROU 25 MILLÓNS DE EUROS

- *Dende que entrou en vigor a lei, a redución das baixas iniciadas no ámbito da Función Pública alcanzou o 31%, mentres que no Sergas o descenso foi do 41%*
- *A diminución de baixas laborais rexistradas na Administración galega entre abril de 2012 e marzo de 2013 situouse entre o 28% e o 25%*
- *O nivel de absentismo na Administración xeral reduciuse ao 3,14% no primeiro trimestre do ano, fronte ao 5,41% rexistrado en 2008*

O Goberno galego conseguiu aforrar preto de 25 millóns de euros no primeiro ano de aplicación da Lei 1/2012, de medidas no emprego público, ao tempo que logrou reducir un 38,2% as baixas laborais iniciadas na Administración autonómica durante este período.

Así o establece un informe presentado ao Consello da Xunta pola titular de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, no cal se recolle que entre abril de 2012 e marzo de 2013 se iniciaron un total de 5.653 baixas no ámbito da Administración xeral, un 31% menos que durante os doce meses anteriores, en que se rexistraran 8.179.

O descenso de baixas iniciadas no Sergas é aínda maior, do 41%, ao reducirse os procesos de 22.137 -entre abril de 2012 e marzo de 2013- aos 13.100 no mesmo período do ano anterior.

Ademais, conséntase unha redución dun 28% do número de baixas laborais rexistradas entre abril de 2012 e marzo de 2013 no ámbito da función pública, e dun 25,2% no Servizo Galego de Saúde durante o mesmo período.

Neste sentido, o informe destaca a importante redución das baixas comezadas no primeiro trimestre de 2013 en relación cos tres primeiros meses de 2012, ao alcanzar o 37% no ámbito da función pública e o 35% no Sergas.

Ademais, o nivel de absentismo foise reducindo de maneira progresiva ao longo da pasada lexislatura ata un 41%, entre os anos 2008 e 2012, pois pasou dunha porcentaxe de baixas do 5,4% hai cinco anos a unha taxa do 3,18% o pasado ano. No ámbito do Sergas tamén se observa un descenso constante do absentismo nos últimos anos, ao pasar do 7,34% en 2008 ao 3,99% en 2012.

A XUNTA MOBILIZARÁ 8,5 MILLÓNS DE EUROS NO IMPULSO DO AFORRO E A EFICIENCIA ENERXÉTICA NA INDUSTRIA E NO SECTOR SERVIZOS

- *Economía e Industria pon en marcha por primeira vez un programa de axudas específico para empresas nestas áreas de actividade, dotado con máis de 2,5 millóns de euros*
- *Os apoios, que poden chegar ata os 200.000 euros, alcanzan un 40% do investimento que se vai a realizar no caso das pequenas empresas*
- *Promóvense actuacións no eido da iluminación, a climatización ou os procesos produtivos para mellorar a competitividade empresarial*
- *Estas iniciativas evitarán a emisión á atmosfera de máis de 9.000 toneladas de CO₂ cada ano*
- *Os proxectos que se van desenvolver en zonas con plans Impulsa terán unha valoración adicional do 5%*

A Consellería de Economía e Industria promove o aforro e a eficiencia enerxética na industria e no sector servizos coa posta en marcha por primeira vez dunha convocatoria de axudas específica para empresas e autónomos nestas dúas áreas de actividade, dotada con máis de 2,5 millóns de euros e coa cal se prevé a mobilización de investimentos por un total de 8,5 millóns.

Este programa do Instituto Enerxético de Galicia, para o cal se poden presentar solicitudes ata o vindeiro 20 de xuño, mellorará a competitividade de empresas destes sectores apoiando proxectos que permitan reducir os seus custos enerxéticos e implantar tecnoloxía máis eficiente, o que suporá tamén un importante beneficio para o ambiente. Así, prevese que coas actuacións que se realicen se aforren máis de 4.000 toneladas equivalentes de petróleo ao ano, o que evitará a emisión á atmosfera de máis de 9.000 toneladas anuais de CO₂.

As axudas das que hoxe se informou no Consello da Xunta poden chegar ata 200.000 euros por proxecto, e alcanzan un 20% do investimento para as grandes empresas. No caso das pequenas, a porcentaxe de axuda incrementase e supón un 40% do total, e para as medianas empresas un 30%. Ademais, os proxectos que se desenvolvan nas provincias de Ourense e Lugo, e nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e na Costa da Morte contarán cunha valoración un 5% superior, ao abeiro dos respectivos plans Impulsa.

As actuacións que se van realizar poden ter carácter anual ou bianual. No sector industrial, pódese optar a axudas para a substitución ou mellora de equipamentos e instalacións consumidoras de enerxía do proceso produtivo por outros que utilicen tecnoloxía de alta eficiencia ou a mellor tecnoloxía dispoñible. Neste tipo de iniciativas, o aforro enerxético mínimo deberá ser dun 5% respecto do consumo inicial.

En ambos os dous sectores apóianse investimentos para a renovación de equipamento en iluminación interior que supoñan un aforro enerxético mínimo dun 30%. Así mesmo, impúlsase a renovación de equipamentos de instalacións existentes de produción de calor e frío para a climatización por outras de alta eficiencia enerxética que supoñan un aforro mínimo dun 20%. Ademais, de xeito específico no sector servizos, foméntanse medidas para implantar unha contabilización ou telexestión do consumo de enerxía, e con carácter xeral para todo tipo de beneficiarios, calquera outra actuación de aforro que garanta un 20% de redución de consumo de enerxía.

O impulso do aforro e a eficiencia enerxética é un dos eixos da política enerxética da Xunta de Galicia, que desenvolve cada ano diferentes programas neste eido a través do Instituto Enerxético de Galicia.

Con esta nova convocatoria de axudas perséguese reducir os consumos nos sectores industrial e de servizos, que en Galicia representan o 45% e o 9% do consumo de enerxía final, respectivamente. Segundo diversos estudos sectoriais e auditorías realizadas a porcentaxe de aforro de enerxía nestes sectores coa posta en marcha de medidas de aforro e eficiencia ascende ao 10 ou 15% para o sector industrial, chegando ao 25 ou 30% para o sector servizos.

A LEI DO EMPRENDEMENTO DE GALICIA ELIMINA TRÁMITES ADMINISTRATIVOS PARA FACILITAR A CREACIÓN DE EMPRESAS E O EMPREGO

- *Entre as novidades que recolle a lei destaca a supresión das licenzas de obra e actividade, agás a que precise dun proxecto de edificación, e a súa substitución por unha comunicación previa*
- *A Xunta dá un paso máis, con respecto ao primeiro borrador da norma, reducindo de 48 a 24 horas o tempo necesario para constituír unha empresa*
- *A unidade Galicia Emprende analizará a viabilidade de novos proxectos en menos de 30 días*
- *Mobilizaranse 15 millóns de euros cunha nova liña de microcréditos e un fondo de capital risco para emprendedores*
- *Finalizado o período de diálogo cos axentes económicos e sociais galegos, a Xunta envía o documento ao Consello Económico e Social (CES)*
- *En liña coas medidas de austeridade que está a levar a cabo a Administración, créase un único Consello Galego de Economía e Competitividade como ferramenta aglutinadora dos consellos xa existentes*

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, rematou o período de diálogo cos axentes económicos e sociais co obxectivo de expor o contido do anteproxecto de Lei de emprendemento de Galicia e acadar un texto consensuado e unha normativa útil e eficiente para o desenvolvemento económico de Galicia. O obxectivo da lei, presentada no Consello da Xunta antes do seu posterior envío ao Consello Económico e Social, é a definición dun marco normativo específico da comunidade que incentive e facilite a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento.

Tras a rolda de contactos e as achegas de 25 axentes distintos, o texto actual contempla importantes melloras entre as que destacan as dirixidas á simplificación administrativa coa fin de facilitar a posta en marcha de negocios e impulsar o emprendemento. Desta forma, elimínanse trámites excesivos, suprimindo -con carácter xeral-, a necesidade de licenza municipal de obra e actividade para o exercicio de calquera actividade económica, agás as que requiran dun proxecto de edificación.

Seguindo estas premisas, para a posta en marcha dunha nova actividade empresarial abondará coa comunicación previa ao concello, xunto coa documentación que garanta, no caso de que sexa preciso, o cumprimento dos requisitos ambientais, de seguridade e salubridade dos locais. Estas modificacións non repercutirán no réxime tributario dos concellos.

Entre as principais novidades da lei tamén destaca a redución, con respecto ao texto inicial, do tempo necesario para poder constituír unha nova empresa, que baixa de 48 a

24 horas grazas ao servizo que ofrecerán os puntos de activación empresarial para persoas emprendedoras. Ademais, o Igape, por medio da creación da unidade Galicia Emprende, comprométese a analizar a viabilidade dun proxecto en menos de 30 días, unidade desde a cal que se prestarán ademais, todos os servizos de apoio ao emprendedor.

Capital risco e microcréditos para emprendedores

O apoio á posta en marcha de novos proxectos tamén será financeiro. Para iso a lei establece a creación de instrumentos de coparticipación, a través de fondos públicos e privados, a activación dun fondo de capital risco específico e a habilitación de microcréditos para emprendedores co obxectivo de mobilizar entre ambas as ferramentas 15 millóns de euros. Ademais, régúlase a figura do investidor particular (*business angel*) para impulsar os proxectos de emprendedores e artículase unha rede galega de investidores particulares para facilitar o financiamento privado de proxectos.

Neste senso, terán especial prioridade aqueles proxectos levados a cabo por mozos, os que sexan especialmente innovadores ou que nazan cunha especial vocación internacional.

A Xunta ademais porá en marcha e coordinará a través do Igape unha serie de servizos destinados ao acompañamento do emprendedor durante todo o proceso, desde a xestión ata a maduración e a expansión do proxecto.

O obxectivo é que ningunha boa idea quede sen levar a cabo por falta de apoio. Por iso, a norma introduce novas medidas fiscais de impulso á actividade emprendedora. Neste sentido, a dedución do 20% do IRPF establecida na Lei de orzamentos deste ano para os que invistan en accións ou participacións de novas empresas, amplíase para aqueles que concedan créditos para a creación de empresas. A redución do 95% no imposto sobre sucesións e doazóns de diñeiro para a constitución dunha nova empresa esténdese para calquera tipo de ben destinado á mesma finalidade e suprimindo ademais o límite de idade, anteriormente establecido en 35 anos.

Ademais, a bonificación do 75% na cota do imposto sobre patrimonio por creación de empresas ou ampliación de actividade amplíase aos investimentos para adquisición de accións ou participacións sociais en novas entidades ou para préstamos que xeren dereito a dedución no IRPF; e para a adquisición de locais de negocios ou para a constitución de préstamos e hipotecas establécese unha dedución nos actos xurídicos documentados. Como novidade, tras o período de diálogo cos axentes, facilítase o acceso ás deducións e bonificacións ás cooperativas e sociedades laborais.

Creación dun único Consello Galego de Economía e Competitividade

En liña coas medidas de austeridade e buscando unha maior eficiencia e coordinación cos distintos axentes económicos, todos os Consellos dependentes da Consellería de

Economía e Industria quedan integrados nun único consello Galego de Economía e Competitividade. Manterán a súa representación a través de comités executivos nas diferentes áreas existentes o que achegará maior axilidade e flexibilidade e contribuirá á racionalización da Administración pública.

A norma, que será agora sometida á consideración do CES, configúrase como un instrumento clave na dinamización económica e na xeración de proxectos e empresas, facendo dos emprendedores axentes fundamentais para a activación do mercado laboral coa meta de acadar un incremento do 60% na cifra de emprendedores galegos permitindo superar os 130.000 nos próximos catro anos.

AS ANALÍTICAS DE VIXILANCIA SANITARIA DAS AUGAS DE CONSUMO HUMANO DERON COMO RESULTADO QUE O 95% SE CORRESPONDE CUNHA CUALIFICACIÓN DE APTAS

A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade executa o Programa de vixilancia sanitaria de augas de consumo humano que, con carácter autonómico, vén funcionando na nosa Comunidade dende hai varias décadas. O desenvolvemento deste programa durante o ano 2012 foi satisfactorio, tal e como informou a conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez na reunión do Consello da Xunta desta mañá.

O obxectivo de cara aos vindeiros anos é seguir realizando actuacións para mellorar a calidade dos abastecementos e da auga do consumo humano, incluídas as súas infraestruturas.

Os abastecementos clasifícanse en prioridade alta, media ou baixa en función de diversos factores -poboación abastecida, calidade da auga ou posibles perigos diagnosticados asociados a un abastecemento, entre outros-.

Durante o ano 2012, as analíticas de vixilancia sanitaria das zonas de abastecemento censadas dentro do Programa de Vixilancia de augas de consumo humano deron como resultado que o 94,95% se corresponde cunha cualificación de auga apta para o consumo, mentres que só un 5,05% delas presentaron algún tipo de incumprimento nalgún dos parámetros químicos ou microbiolóxicos que son analizados segundo estipula a normativa sanitaria para a cualificación da auga de consumo.

Funcionamento

O sistema de vixilancia que se establece dentro deste programa está orientado a identificar e valorar os factores que poidan presentar riscos para a saúde nas augas de consumo humano, co fin de poder xestionalos para diminuír o risco de enfermidade asociada ao consumo de auga. Para a implantación deste sistema de vixilancia realízase a clasificación dos abastecementos -prioridade alta, media baixa-, sobre a base das súas características, para poder dar prioridade ás actuacións, optimizando a súa efectividade e garantindo a eficiencia.

As actuacións dentro do programa establécense nunha dobre vía, por unha parte, a inspección sanitaria dos abastecementos -que inclúe unha inspección documental e estrutural do abastecemento, xunto coa recollida de mostras de auga-; e, por outra parte, a vixilancia da calidade da auga nas redes de distribución dos abastecementos, coa determinación do cloro libre residual e a realización de analíticas de mostras de auga. A frecuencia da inspección e de determinación analítica establécese pola prioridade que ten cada un dos abastecementos.

A actuación ante os incumprimentos consiste na comunicación por parte da xefatura territorial da Xunta ao concello e/ou xestor do incumprimento para que adopte as medidas correctoras precisas e confirme o incumprimento. Dende a xefatura ademais realizarase o seguimento e tomaranse as medidas que se consideren necesarias para salvagardar a saúde dos usuarios, así como a adopción doutras medidas por incumprimento da normativa sanitaria vixente.

A CELEBRACIÓN DE BIOSPAIN 2014 EN SANTIAGO CONTRIBUIRÁ A POTENCIAR A ACTIVIDADE ECONÓMICA EN MATERIA DE INNOVACIÓN E ECONOMÍA PRODUTIVA

- *A candidatura de Galicia que resultou ser gañadora, está avalada polo Executivo que preside Núñez Feijoo, e conta ademais co apoio das tres universidades galegas*

A candidatura da Xunta de Galicia avalada polas consellerías de Sanidade; de Economía e Industria; do Medio Rural e do Mar; e de Traballo e Benestar, resultou a escollida para acoller a próxima edición da feira do sector biotecnolóxico BioSpain 2014, que terá lugar no mes de setembro do vindeiro ano en Santiago de Compostela.

A candidatura galega, que conta co apoio das tres universidades galegas, ademais do sector empresarial do ámbito tecnolóxico e do Concello de Santiago, foi designada a máis completa pola Asociación Española de Bioempresas (Asebio) e, polo tanto, a gañadora. Deste xeito, Galicia convértese nun referente e nun foco de atención nacional e internacional no sector biotecnolóxico e da investigación biosanitaria.

A celebración de BioSpain 2014 na capital de Galicia contribuirá a potenciar a actividade económica en materia de innovación e economía produtiva, e a visibilidade da biotecnoloxía galega e do noroeste peninsular.

Galicia potencia no campo da investigación

Galicia ten moi activo o eido da I+D+i biosanitaria, cos proxectos Innovasaúde e Hospital 2050, que mobilizan 90 millóns de euros en innovación sanitaria. Tamén é potente no campo da investigación biomédica, con tres institutos de investigación sanitaria, 107 grupos de investigación -máis de 1000 investigadores-, e un potencial de captación de recursos externos de 13,5 millóns de euros por ano.

Así mesmo, dispón de dous campus de excelencia internacional, Campus Vida, liderado pola Universidade de Santiago, e Campus do Mar, liderado pola Universidade de Vigo. Destaca ademais neste ámbito o sector empresarial, co apoio do Clúster de saúde de Galicia e o Clúster de empresas biotecnolóxicas galegas (Bioga).

BioSpain, a plataforma de presentación da biotecnoloxía española a nivel internacional ten lugar cada dous anos. A última edición desta feira tivo lugar en Bilbao e contou con 1.356 inscritos en liña, 1.847 visitantes totais, 21% de visitantes estranxeiros, máis de 750 empresas participantes no partnering, sendo unha das feiras máis importantes no ámbito internacional do sector ciencias da vida, converténdose no encontro biotecnolóxico máis importante do sector sur de Europa por número de reunións e de empresas.